

DATOS IDENTIFICATIVOS				
A Atención á Diversidade e a súa Intervención				
Materia	A Atención á Diversidade e a súa Intervención			
Código	P02M066V06252			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade (Pontevedra): Orientación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4	OB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Insua Meiras, Francisco			
Profesorado	Insua Meiras, Francisco Parrilla Latas, Maria Angeles Pilar			
Correo-e	finsua@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A diversidade do alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria é para moitos profesores desta etapa educativa unha preocupación principal. As razóns desta diversidade son múltiples: son distintas as orixes sociais e culturais do alumnado, son diversas as capacidades persoais, os estilos de aprendizaxe, as motivacións e expectativas para o estudo, os ámbitos socio-afectivos e o contexto familiar de procedencia... Esta materia pon a énfase en como responder a esta diversidade dende o recoñecemento da diversidade e a equidade como principios e valores educativos, situando no centro escolar, na aula e no sistema educativo o punto de referencia para deseñar respostas e medidas que supoñan unha mellora da educación para todos.			

Competencias	
Código	
B1	Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente.
B6	Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.
C1	Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.
C2	Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan a aprendizaxe.
C4	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.
C9	Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.
D1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecer os procesos e recursos para a prevención de problemas da aprendizaxe e convivencia, os procesos de avaliación e de orientación académica e profesional.	B1	C1 C2 C9	D1
Utilizar os principios da educación inclusiva como eixo para o desenvolvemento da acción orientadora.	B6	C4 C9	D1
Desenvolver e aplicar metodoloxías didácticas que favorezan a atención á diversidade do alumnado, adaptando a acción educativa ás súas diferentes características persoais e colectivas.	B6	C1 C4	D1
Adquirir as habilidades necesarias para identificar as necesidades educativas do alumnado e deseñar estratexias de intervención.		C1 C4 C9	

Contidos

Tema	
1. Atención ás necesidades específicas de apoio educativo.	1.1. NEE, alumnado estranxeiro, alumnado superdotado. Atención hospitalaria. 1.2. Adaptacións do currículo. Diversificación curricular. PCPI. Programas de mellora do rendemento. Formación Profesional Básica. Apoio e reforzo educativo. Agrupamentos flexibles, desdobres e agrupación de materias en ámbitos. Flexibilización para alumnado de altas capacidades.Programas de inmersión lingüística para emigrantes. Fontes de diversidade
2. Trastornos e dificultades no desenvolvemento e na aprendizaxe	2.1. Consideracións xerais. 2.2. Trastornos psíquicos, físicos e sensoriais: características e repercusións na aprendizaxe. 2.3. Dificultades no desenvolvemento e na aprendizaxe: psicomotrices, cognitivas, da fala e a linguaxe, socioafectivas e condutuais. 2.4. Problemáticas socioculturais actuais e a súa repercusión na aprendizaxe.
3. Propostas de atención á diversidade.	3.1. A educación inclusiva. 3.2. Intervención psicoeducativa pensada dende unha concepción inclusiva da educación para dar resposta á diversidade do alumnado.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	14	12	26
Traballo tutelado	12	13	25
Resolución de problemas	0	12	12
Foros de discusión	15	10	25
Resolución de problemas de forma autónoma	0	12	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Actividades expositivas de profesor e estudante. Exposicións, seminarios, presentaciónn de exercicios, traballos ou proxectos a desenvolver.
Traballo tutelado	Resolución de exercicios na aula/laboratorio baixo a dirección do profesor. Desenvolvemento de análises críticos. Lectura de textos. Elaboración de informes. Talleres. Estudo de casos.
Resolución de problemas	Resolución de dúbidas, consulta e seguimento dos traballos. Titorías obrigatorias individualmente ou en pequeno grupo.
Foros de discusión	Técnicas grupais, participativas, exames. Actividades tuteladas:Resolución de exercicios, debates, elaboración de traballos, seminarios, simulacións, análises críticos de materiais, etc. Actividades de avaliación.
Resolución de problemas de forma autónoma	Documentación dos traballos realizados . Preparación de avaliacións.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Realización de traballo en equipo tutelado polo profesor
Resolución de problemas	Durante as sesións lectivas resolveranse os problemas e exercicios propostos polo profesorado
Foros de discusión	Sobre temas xurdidos en relación coa materia

Resolución de problemas de forma autónoma	Realización de actividades propostas polo profesorado pero de forma autónoma.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Lección maxistral	Actividades expositivas de profesor e estudante.	10	B1 B6	C1 C2 C4 C9	D1
Traballo tutelado	Resolución de exercicios baixo a dirección do profesor. Elaboración de informes.	30	B1 B6	C4	D1
Resolución de problemas	Resolución de dúbidas. Seguimento de traballos.Titorías obrigatorias individualmente ou en pequeno grupo.	10	B1		D1
Foros de discusión	Resolución de exercicios, debates, elaboración de traballos. Actividades de avaliación.	40	B1 B6		D1
Resolución de problemas de forma autónoma	Documentación dos traballos realizados. Preparación de avaliacións	10	B1 B6		D1

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar con éxito a materia debe obterse o nivel de aprobado en todas as probas indicadas.

As actividades non realizadas e as competencias non adquiridas na primeira convocatoria poderán completarse na convocatoria de xullo.

O alumnado non asistente deber realizar un exame escrito que recolla os contidos fundamentais da materia, cunha valoración de ata 6 puntos. Tamén terá que levar a cabo un traballo no que se reflicta as competencias procedimentais mais importantes da materia, cunha valoración de ata 4 puntos.

As datas de exames se poden consultar na web da facultade no apartado de organización académica (http://fcced.uvigo.es)

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

CABRERIZO DIAGO,J.,RUBIO ROLDÁN, Mª.J., **Atención a la diversidad**, 1ª ed., PEARSON EDUCACIÓN S.A., 2007

ESCAMILLA GONZÁLEZ, A., **Proyectos para desarrollar inteligencias múltiples y competencias clave**, 1ª ed., Graó, 2015

OJEA RÚA, M., **Desarrollo de categorías conceptuales en estudiantes con trastorno autista**, 1ª ed., PIRÁMIDE, 2018

Bibliografía Complementaria

ARNAIZ, P., **Análisis de las medidas de atención a la diversidad en la Enseñanza Secundaria Obligatoria.**, Revista de Educación,349, 2009

BOLEA, E. e GALLARDO, A, **Alumnado con dificultades de regulación del comportamiento**, 1ª ed., Graó, 2012

FERNANDEZ ENGUITA, .M, **Repensando la organización escolar**, 1ªed, AKAL, 2008

GONZÁLEZ, M. T., MÉNDEZ, R. Y RODRÍGUEZ, M. J., **Programas de atención a la diversidad: legislación, características, análisis y valoración.**, Revista de currículum y formación del profesorado, 2009

INSUA MEIRÁS, F., **A escola e as medidas de inclusión**, Quinesia, 32,, 2003

INSUA MEIRÁS, F, **Notas sobre a evolución da atención educativa ao alumnado con discapacidades. En: Repensar a educación e a sociedade; realidades e desafíos**, 1ªed, Servizo de Publicacións.Universidade de Vigo, 2006

LÓPEZ SOLER, C.;ROMERO MEDINA,A. (coords), **TDAH y trastornos del comportamiento en la infancia y la adolescencia**, 1ª ed., PIRÁMIDE, 2013

PARRILLA, A, **O longo camiño cara a Inclusión**, Revista galega do ensino, 32, 2001

PARRILLA,A., **Acerca del origen y sentido de la educación inclusiva**, Revista de educación,327, 2002

RIPOLL SALCEDA, J.C., **Eestudiar y hacer la tarea**, 1ªed., CEPE, 2014

RUIZ, F., e SALINAS, D, **Me hace daño el instituto**, 1ª ed., Edicións del Bullent, 2007

SÁNCHEZ GARCÍA, J., **Trastornos antisociales en niños y adolescentes**, 1ªed., SÍNTESIS, 2014

SANTANA VEGA,L.(coord.), **Educar en Secundaria**, 1ª ed., Wolters Kluwer, 2013

SMITH,M., **Las emociones de los estudiantes y su impacto en el aprendizaje**, 1ª ed., NARCEA S.A., 2019

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Traballo Fin de Máster/P02M066V06401

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Orientación e Función Titorial/P02M066V06101

Outros comentarios

Recoméndase:
1) Asistencia continua a clases. A asistencia considérase fundamental para o seguimento da materia por parte do alumnado e para a avaliación, por parte dos docentes.
2) Dominio da informática a nivel usuario, o que supón o manexo de aplicacións de carácter xeral (por exemplo, de tratamento de textos, base de datos, programa de presentacións...), do correo electrónico e Internet.
3) Actitude favorable e receptiva para a aprendizaxe